

PARA XULIA, NO DÍA DO SEU ANIVERSARIO.

Días van e días veñen, o tempo húmido e silencioso vai cubrindo os recordos, ocultando as penas, destrozando as ledicias, para deixar en nós un mundo poboado de esquecementos.

Esquecementos que non poden borrar pegadas profundas, marcas da vida gravadas no propio corpo, que como cicatrices eternas doen cando o tempo traicioneiro, marca o 19 de abril, tantos abrils, tantos recordos e sempre os mesmos ollos que choran e a mesma soidade, sempre o mesmo rostro bañado de dous ríos de ausencia, con augas que estrañan un mar que nunca máis será.

Xulia foise en abril, partiu unha mañá feliz, despedida por flores e choros, foise lonxe, din que buscar unha vida mellor, pero non sabe a vida peor que nos deixou, valería comer pan duro, pero estar xunto a ela, sentir o seu corpo, estreitala, para afastarnos desta soidade, que como frío invernal, aínda que sexa primavera, se apropia do noso corpo. Van 10 anos desde que se foi e aínda a estamos esperando.

Dezanove de abril, era xoves cando chegou a este mundo, mami, ó vela, pensou que dela naceu un anxo, un anxo de ollos negros vestido cunha nudez morena. Tiña os ollos grandes para ver mellor o mundo, onde agora vai perdida. Mami abrazouse a ela e desde que chegou só a pobreza e a curiosidade puideron separalas, deixando entre elas un abismo de recordo e tristezas, que cando é abril se converte nun volcán de recordos, apagado por choros silenciosos.

Saudade, saudade, saudade é o que sinte ela na súa alma, na súa triste soidade só Deus a acompaña, no seu paseo pola montaña só Deus lle dá a man, hoxe, 19 de abril, ó amencer, vai a subir á montaña, irá silenciosa, mirará ata o

outro lado do mundo, alí onde se perde o voo das aves e se debuxa o incerto horizonte, esperará o vento, que con palabras cortadas lle traerá novas de Xulia, o seu sorriso dorido, a súa alegría mutilada, o seu gusto pola vida. O vento como alimento de famentos encherá o seu corazón de vas esperanzas, porque van dez anos que deixou esta terra e só o vento sabe dela, da súa vida, dos seus soños, das súas ledicias.

Gardará no seu peito o murmurio silencioso do vento, as palabras de Xulia, que desde a distancia lle di: nunca te esquezo, quérote, ti vives no meu corazón, pero só será iso, un murmurio que a acompañará no almorzo, alumado por unha veliña, para que todos os que cheguen, se chegan, recorden que un día como hoxe, 19 de abril, chegou Xulia a este mundo. Que todo o mundo, os vivos e os mortos saiban que nesta casa non hai esquecemento, que Xulia, o seu sorriso, a súa ledicia están gravados nas paredes do corazón.

Agora está silenciosa, alguén lle dixo que non vale a pena chorar por ela, que a vida é así, que uns marchan e outros retornan, pero qué vida é esta se o sangue que fai latexar o corazón xa non está. Cando se baleira o corazón, a casa pode estar chea, pero todo terá gusto a baleiro, a soidade; sen Xulia, os soños están durmidos, desde que se foi non se volveron abrir as ventás do seu cuarto, para evitar que tamén escape o seu recordo. Pero hoxe é 19 de abril, hoxe toca recordala e chorar por ela.

Xuntaremos flores, buscaremos o mellor floreiro e as flores serán para Xulia. Hoxe é o seu aniversario, hoxe merece todos os agasallos da vida, hoxe debe ter ledicias, hoxe debe sentir, como hai dez anos, que a queremos e que nunca a esqueceremos. Son dez anos sen a túa presenza Xulia, dez anos de

esperanzas baleiras, de ilusións durmidas, de choros sen resposta, dez anos nos cales só Deus, coa súa misericordia feita de ventos, nos acompañou. Onde estará?, quen lle dirá quérote?, que soñará cando dorme?, recordaranos? Xulia, días van e días veñen, prometiches volver e aínda estamos esperando, cando levantarás a cabeza detrás da montaña e berrarás – estou aquí? Cando te estreitaremos?, cando o pasado será pasado, borrado pola túa presenza feliz?

Xulia, tantas preguntas, tantas respostas feitas de silencio. Ás veces, Xulia, síntome traicionado, prometíches volver e non te vexo, hai moito que te espero e, como mami, sempre penso en ti. Dezanove de abril, o sol escápase deste lado do mundo, encargámoslle que che leve os nosos desexos e oracións, pero mami non confía no sol, que cando se oculta esquecese de quen viu no día; antes de que o manto escuro cubra as nosas vidas, mami vai volver á montaña, como ela di, a matar soidades, a preguntarlle ó vento sobre a túa vida, a saber se hoxe fuches feliz, se hoxe choraches, a saber se aínda a recordas.

Vento frío, que algunhas veces partes a alma, vento que viaxas polo mundo, vento mensaxeiro douche as miñas ledicias, a ti che encargo as miñas tristezas, a ti as miñas oracións para Xulia, vento, hoxe cumpre anos, dálle unha ledicia. O vento é sinxelo, sabe comprender e sempre cumpre, non se cansa de vagar polo mundo levando eses mensaxes de amor, de morriña e soidade; alá nas montañas altas, onde soben todas as nais que perderon as súas fillas e os seus fillos, o vento sinxelo vai deixando mensaxes de esperanza, non importa o tempo, o vento sempre volve e se vai.

Mami cóntalle ó vento, que te fuches hai 10 anos, que non soubemos de ti, pero a pesar dos silencios, nunca te esquecemos, sempre pensamos en ti e cando

a túa ausencia se fai insoportable subimos á montaña para pedirlle ó vento noticias sobre a túa vida, sabemos que choraches, que algunhas veces tes ledicias, que nunca nos esqueces e que vives coa ilusión de volver. Dez anos, pasarán outros dez ata que volvas?

Saudade, saudade, saudade é o que sinte ela na súa alma, hoxe síntese máis soa ca nunca e preguntoulle ó vento algo que nunca se atrevera a pronunciar -volverá Xulia?- e o rumor misterioso do vento díxolle -xa non volverá-. Soidade, soidade, soidade é o que sinte agora na súa alma. Xulia, eu tamén chorei, choramos por ti e só Deus nos acompañou. Xulia, síntome traicionado, prometíchesme volver, traicionáchesnos Xulia, fúcheste para non volver. Volve Xulia, a miña tumba espera polas túas flores e a miña alma polas túas oracións e, aínda que non volvas Xulia, mami seguirá subindo á montaña para esperarte e saber de ti, ata que algún día, oxalá un 19 de abril, o vento tamén a leve ata ti.

Días van e días veñen, como a herba medran as nosas esperanzas no xardín dos soños, florecen cando alguén volve e murchan cando alguén se vai - emigra- así foi desde o inicio da historia humana e así será ata o ocaso do tempo.